

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2024

A reforma do Xardín de Rosalía

Miguel Lois

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

CASA DE ROSALÍA

A reforma do Xardín de Rosalía

Miguel Lois, paisaxista e membro do Padroado da Fundación Rosalía



Plano do deseño do Xardín

O 12 de xullo de 2024 foi presentado ao público a reforma do Xardín da Casa de Rosalía, nun acto no que estiveron representadas as institucións que realizaron achegas económicas para a súa execución, a Deputación da Coruña, o Concello de Padrón e a propia Fundación Rosalía de Castro.

Anteriormente a esta data, en novembro de **2021**, a Fundación Rosalía de Castro encarga a redacción do **Plan Director** do Xardín da Casa de Rosalía que, alén de ser o primeiro documento técnico desta tipoloxía para un xardíns, analizou a situación actual do xardín, realizou un inventario da vexetación actual, estudáronse as vistas que eran preciso controlar, sinaláronse as fortalezas, e obxectivos, e finalmente, propúxose un deseño inicial no que se ordena o xardín e indícase a vocación dos diferentes espazos.

A natureza, a paisaxe, as plantas, as flores ou os espazos axardinados son un dos recursos literarios que se atopan con maior frecuencia na obra de Rosalía. O aprezo de Rosalía pola natureza ponse de manifesto na súa obra cando realiza unha denuncia ecolóxica pioneira criticando a corta masiva de carballos en Conxo perpetrada polos mercedarios a instancias do cardeal Payá en 1882.

A existencia do **Herbario** Rosalía de Castro, realizado polas profesoras María Isabel Fraga Vila e María López Sánchez e doado á Fundación Rosalía de Castro no ano **2021**, fai deste un elemento primordial á hora de realizar calquera proposta de plantacións no xardín. Tal como se sinala no propio plan director, calquera proposta de actuación no espazo verde debe apoiarse neste Herbario, o que lle imprimirá ao xardín discurso e conexión coa obra de Rosalía.



En febreiro de **2024**, tomando como documento de referencia o plan director, redactouse o **proxecto de execución** para a reforma do Xardín da Casa de Rosalía de Castro, que comeza a materializarse en maio de 2024 co inicio das obras. Os obxectivos marcados nesta reforma foron a potenciación do carácter ornamental, conseguir unha maior naturalización do xardín, facer a vexetación máis próxima e simplificar o mantemento. A través da introdución de nova vexetación conseguiuase controlar as vistas cara ao exterior, minimizouse o mantemento, coséronse diferentes construcións, modificáronse espazos con novos aliñamentos e conseguíronse espazos menos compartimentados, mellorando a circulación polo xardín.


Antes de levar a cabo a reforma, o arboredo existente no xardín estaba representado por un 74% de camelias e un 16% correspondente a outras especies de follla persistente, sendo soamente un 10% árbores caducifolias. Este desequilibrio, detectado xa con anterioridade no plan director, fixo que fora preciso a introdución de novas árbores de follla caediza, coa conseguinte variedade de cores que ofrecen ao longo do ano.

A vexetación foi a verdadeira protagonista da reforma. Estas novas plantas substituíron o lugar dalgúns exemplares que se atopaban en mal estado, mais tamén existían zonas onde faltaba vexetación. Dado que foi necesaria a retirada de sebes de buxo afectadas por fungos e non recuperables, propuxéronse novas plantacións que foxen de

agrupacións xeométricas e creáronse pequenos camiños entre a planta, o que permite un contacto máis estreito coa nova vexetación. Con todo isto ofrécese ao visitante da Casa un xardín cun carácter máis natural. A continuación descríbense con maior detalle todos os traballos realizados no espazo verde que rodea á casa.

Na entrada ao xardín reconstruíse por completo o pavimento de pedra existente e fíxose totalmente accesible o acceso principal, eliminando o chanzo de pedra que existían xunto á cancela e xerando unha rampla de acceso case imperceptible que cumpre coas condicións requiridas para a accesibilidade. Retiráronse as sebes de buxo que delimitaban xeometricamente o camiño e que estaban gravemente danadas por fungos, co que se conseguiu un maior contacto coas especies acidófilas que aquí se plantaron (hortensias, azaleas, gardenias...). Estas especies complementáanse e crean un atractivo durante todo o ano, ao mesmo tempo que simplifican o mantemento, xa que anteriormente aquí existía unha pradeira que requiría de segas con frecuencia semanal. Para controlar as vistas cara ao exterior, plantouse unha árbore caducifolia: un tileiro.

Aos dous lados da entrada á casa colocáronse catro macetas de terracota, as dúas máis grandes foron plantadas con pugas de oliveiras procedentes do Cemiterio de Adina en Iria, a mesma orixe que tiña a antiga oliveira que plantara o padronés Camilo Agrasar diante da casa e que morreu hai xa algúns anos.



No espazo onde se atopa o Loureiro dos Poetas, diante do que Rosalía e a súa familia quitou unha das fotos máis coñecidas da autora, deseñáronse camiños novos que discorren entre as novas plantacións co obxectivo de potenciar os fluxos de comunicación a través deste espazo e tamén se creou unha nova estancia xunto á gran mesa de pedra existente. Ao igual que no xardín da entrada, retiráronse a totalidade das sebes de buxo afectadas por fungos, facendo esta zona moito máis visible desde varios puntos do xardín. Este é o espazo cun maior carácter ornamental, para o que se plantaron roseiras, a planta da que Rosalía máis falou na súa obra, e

que, como non pode ser doutra maneira, pasan a ter un maior protagonismo no xardín. Tamén se plantaron arbustos, plantas herbáceas e gramíneas, algunhas das cales foron citadas pola autora (estraloques, lirios, fentos...). Co obxectivo de controlar vistas cara ao exterior, plantouse un xinkgo, unha árbore caducifolia de copa globosa que deixa pasar a luz ás plantas que se atopan baixo dela.

Xunto ao emparedado do ceador existía un pozo construído cun tipo de pedra, acabado e tipoloxía disoante coa contorna, polo que se retirou e posteriormente restaurouse o lugar.

Seguindo o camiño que parte do ceador, colocouse un banco de pedra con vistas á icónica fachada da casa. Ao mesmo tempo que se realizaron as obras de reforma do xardíns e da man da Cooperativa Vitivinícola Arousana, tamén se recuperou a uva albariña do emparrado onde Rosalía se sentaba a escribir e descansar nas tardiñas de verán. Esta plantación de albariño non só se centrou no emparrado, senón que tamén se entendeu a todos os postes de viña que hai no xardín.

Na gran pradeira central, plantada na súa maioría con camelias, executáronse plantacións perimetrais (sangomiños, hortensias, arandeiras, acantos...) para incrementar o atractivo do espazo, sen ocultar os muros da cachotaría, e que siga permitindo conservar a amplitude da pradeira para eventos e usos polivalentes. Xunto ao emparrado do ceador deseñouse un espazo para plantacións, no que se inclúe unha lila, roseiras, allos ornamentais ou heliótropos, a planta favorita de Rosalía segundo contou a súa filla Gala en varias ocasións. Tamén se plantaron pereiras e maceiras de flor xunto á única pereira que se conserva das dúas plantadas por Avelino Pousa Antelo, mais tamén un freixo e un espiño para controlar as vistas cara ao exterior.

Na parcela situada ao norte, a última en incorporarse ao xardín, desprazouse a escultura de Maruxa Villanueva coa finalidade de crearlle un fondo vede de vexetación para así resaltar a súa presenza no espazo, ata agora diluída. Ademais desta zona de plantación, creouse outra

na contorna do banco de pedra existente e plantouse, xunto a outros tres carballos plantados no últimos anos, un carballo columnar para minimizar a presenza da edificación veciña, ademais dun sabugueiro e un cornexo de flor.

Ao carón dos baños, restouse un espazo que se atopaba moi degradado coa plantación de hedras, unha silveira, un ameneiro e un pradairo, especies vexetais que Rosalía citou na súa obra. En outubro dese ano, a Asociación de Gaiteiras Galegas plantou un buxo nesta zona, un arbusto simbólico e tradicionalmente empregado para facer gaitas.

Para evitar o uso de plásticos, usouse como acolchado das novas plantacións cortiza de piñeiro que actúa como un eficiente supresor de malas herbas, ademais de protexer o solo da climatoloxía, axudar a conservar a humidade, mellorar a infiltración da auga, pódese pisar, xera bonitos contrastes con verde das plantas, desprende un aroma fresco e agradable, é un material biodegradable, mellora a vida do solo e evita a compactación do solo. Baixo este acolchado, instalouse un sistema de rega por goteo, conectado a un software con axuste de tempos segundo a climatoloxía, co que se consegue un mellor aproveitamento da auga. A totalidade da planta subministrada e plantada no xardín foi producida en Galicia.

A reforma e actualización do xardín tamén trouxo consigo un **novο modelo de xestión do mantemento**. Nas pradeiras aumentouse o grao de



naturalización para favorecer a aparición de flora espontánea e humilde, que ocupa un lugar verdadeiramente destacado na produción literaria de Rosalía e que ela mesmo denominou como as **herbas do campo florido** e as **herbiñas do camposanto**. En lugar de facer segas uniformizadoras nas pradeiras, definíronse subámbitos para aplicar diferentes frecuencias. O obxectivo é xerar un mosaico rico en estratos ecolóxicos que melloren a biodiversidade, xeren hábitat, alimento e zonas de refuxio para as aves, polinizadores e invertebrados, ao tempo que se facilita a conectividade ecolóxica dentro do espazo verde. Estas pradeiras naturalizadas, formadas por plantas de maior altura e cun maior sistema radicular, están mellor adaptadas e son máis resistentes ao estrés hídrico, polo que requiren un menor consumo de auga e recursos. A sega diferenciada xera variedade de alturas e composición vexetal, mellora a biodiversidade e os beneficios proporcionados polos espazos verdes. En definitiva, esta forma de xestión é a correcta e a máis respectuosa co medio ambiente, conseguíndose máis servizos ecosistémicos.

Nos ámbitos que actualmente ocupan as pradeiras naturalizadas, lugar onde medran as herbas do campo florido, téñense identificadas as seguintes especies vexetais: agullas de pastor, agulleiras, botóns de ouro, corniños, estrugas morta, herbas corocha, herbas viboreira, mexacáns, milfollas, ortigas, setes na rama, trevos, violetas, margaridas, amorodos silvestres e

narcisos. Nos muros de pedra do xardín, lugar no que se atopan as herbiñas do camposanto, identificáronse especies como as hedriñas das paredes, celidonias, piñeiriñas, herbas da pedra, coucelos ou hedras. Todas estas especies identificadas, tanto as herbas do campo florido como as herbiñas do camposanto, están incluídas no herbario asinado polas profesoras María Isabel Fraga Vila e María López Sández. Sen lugar a dúbidas, é nestes espazos onde a natureza se amosa con maior intensidade, aumentando á súa vez a biodiversidade no Xardín.

Os novos espazos de plantación creados seguen o criterio do paisaxismo naturalista que se caracteriza por darlle liberdade á flora para crear espazos que simulan a natureza da contorna. Trátase de introducir especies que, ademais de posuír un alto valor estético e especies autóctonas, contribúan a reconectar coa natureza, mellorando á súa vez a biodiversidade, con menos requirimentos de consumo de auga e favorecendo o coidado do solo e da fauna. Un dos principais beneficios da xardinería naturalista é a conservación da biodiversidade, ao incluír variedades locais, favorécese a chegada de polinizadores e outras especies. Outro beneficio é o control de pragas, pois ao existir unha grande variedade de especies, a presenza de insectos que atacan ás plantas redúcese.

Como un complemento imprescindible da reforma do Xardín, en novembro deste ano instalouse unha sinalización que inclúe novas placas e carteis informativos

composto por un panel de grandes dimensións no que se inclúe un mapa do xardín, tres paneis medianos que explican o herbario de Rosalía, as herbas do campo florido e as herbas do camposanto, e trinta e catro paneis pequenos indicando as especies máis salientables e tamén outras plantas destacadas na obra rosaliana. Boa parte destas novas placas teñen un código QR que dirixe ás audioguías para realizar a visita ao xardín en galego, español, inglés e francés.

Publicamos este noveno número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello da Coruña



Concello da Coruña



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO